

Foto-memoria dunha vila (IV)

XESÚS TORRES REGUEIRO*



UN MITIN QUE FIXO HISTORIA

No ano 1907 o movemento Solidaridad Gallega, no que converxían grupos e ideoloxías varias, ameazaba rachar a orde política da Restauración co seu vergoñento e pactado turnismo oficial de “agora tócame a min e logo tócache a ti”, e mesmo ameazaba o caciquismo imperante. Non pasou das ameazas.

Para a súa presentación, o 6 de outubro de 1907 organizouse un importante acto público en Betanzos, capital das Mariñas, bisbarra na que un gran número de asociacións agrarias estaban vencelladas ao movemento solidario.

O domingo 6 era de mercado na vila: roupa nova, misa de cedo, uns a vender, outros a mercar, o trato, o parrafeo cos coñecidos, un mandado quizás na botica ou no escribán... O tempo, esplendente, axudaba. Os labregos acércanse, timidamente, aos arredores do vello palco da música (antecesor do actual) onde se situarían os oradores. Presentou o mitin á nutrida concorrencia Xoán Golpe, e interviron Lugrís, os cataláns Odón de Buen e

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia. A primeira entrega desta serie publicouse no *Anuario Brigantino* de 1989, a segunda no de 1994 e a terceira no de 1997.

Senante, Vázquez de Mella e o vello Salmerón, quen fora un dos presidentes da efémera I República (xa chovera dende entón). Pero o que marcou historia foi o discurso de Manuel Lugo Freire, presidente da Liga Gallega e natural de Sada. Este dirixiuse aos presentes en lingua galega, cousa que non era usual na época. Para a historia ficou como o primeiro mitin ou acto político en galego da etapa contemporánea, do mesmo xeito que o discurso de Murguía nos xogos florais de Tui de 1891 se rexistra como o primeiro deste cariz en lingua galega.

É de supor que os discursos dos ilustres solidarios foráneos non callaron tanto nos labregos presentes como o de Lugo, e seguramente moitos nin os entenderon. En cambio identificáronse con aquel fillo das mariñas de Sada, máis dado, que sofrera a emigración en carne propia, que lles falaba das súas cousas e dos seus problemas e non de abstraccións e facíao ademais na súa mesma lingua.

CELEBRANDO A REPÚBLICA

É a mañá do 15 de abril de 1931. O pobo sube en manifestación pola costa da Fonte de Unta conmemorando a proclamación da República. Caera a vella e caduca monarquía dos Borbóns nas eleccións municipais do día anterior. Antes houbera a transmisión de poderes, a toma de posesión da nova corporación republicana e o discurso do alcalde provisional, o médico Cancela, dende o balcón do Concello. Logo foi a ledicia popular manifestándose espontaneamente polas vellas rúas da cidade. Como únicos símbolos, a bandeira da nacente República Española e dúas máis pequenas da Galicia que buscaba a súa identidade e autogoberno no novo réxime. Sobrancea a bandeira tricolor co seu mastro, sostida pola moza Pura Naveira (a de semblante máis serio, curiosamente, quizáis consciente do peso simbólico que portaba), quen conservou a foto que nos facilitou o seu fillo Ricardo. Debeu ser Mariano Novío o que realizou esta fotografía, xunto con outras da mesma xornada histórica que ilustraron unha reportaxe de *El Pueblo Gallego*, o xornal máis proclive á nova situación republicana.



Aquí son as mulleres as principais protagonistas, non en balde a República tamén se representaba como femia. Os rostros festivos, ledos. Os nenos, sempre en primeira fila, de testemuñas. Semella un símbolo dos valores da nova República: nenos e mulleres. Creación de escolas para os nenos e dignificación dos seus mestres; dereito ao voto para a muller. Dúas consecucións case revolucionarias para daquela.

Esta instantánea reflicte moi ben o que representou para a maioría a chegada da República: unha ilusión. Unha ilusión que durou pouco.

PREPARATIVOS NO CAMPO

O airoso autocar de Gerardo Vidal, sucesor das carrilanas e xente da tralla, agarda. Non hai problemas de tráfico nesta hora. Ningún automóbil circula pola estrada de Castela e o autocar (no que, á par do nome do propietario, destaca o nome da cidade) pode estacionar nela.

Os altos e copudos plátanos sombrean os siareiros da fonte de Diana cazadora, quen semella metida na espesura como é propio de tal divinidade. Unhas escadas altas e unhas cordas atadas a postes abandeirados, das que penduran obxectos, indícanos que deben estar a colocar as tracas para unha sesión de fogos de artificio. Estaremos, polo tanto, nos prolegómenos do San Roque. Detrás, o palco da música, instalado en 1928 para substituír outro anterior, e que hai tempo ficou sen función. Unha construción que nos axuda a situar esta foto de Loty a comezos dos anos trinta.

Ó fondo, as casas do Cantón e máis as da Porta da Vila. Ficou o nome, iso si, que non a porta, derrubada en nome do progreso. Sobrancea a casa da esquina, que fora dos Naveira Pato, unha das máis fermosas casas burguesas da vila, cos seus balcóns de forxa e amplas galerías.

Seméllanos unha foto a contrapelo, na que o fotógrafo non pretende captar unha monumentalidade concreta e si un ambiente: un intre de preparativos e de tranquilidade, antesá do bulicio que virá nos seguintes días festivos.





BOTES NA GALERA

De tódalas fotos da vella Galera, ese recuncho de ribeira tan fotografado, quedámonos con esta de Loty. Unha foto tan pouco coñecida como o propio fotógrafo, o hispano-francés López Alberty. Daí o anagrama artístico. E soa ben como reclamo comercial iso de Foto Loty.

Sempre teñen aquí os hórreos de curar o millo un protagonismo fundamental. Son uns catorce os que aquí se ven. Desiguais en tamaño e altura. Todos de madeira repintada e tella curva. Coas bases de mampostería. O que os especialistas denominan estilo mariñán. Noutras fotos, como a célebre de Frankowski ou a do catalán Mas son dezaioito e ata vinteun se contan nalgunhas. Daquela Betanzos competía con Combarro, aínda que os de alí son de pedra e o espello da súa ría máis amplo e grandioso.

Estes vellos hórreos da Galera, tan endebls e de materiais tan pobres, repiraban autenticidade, ao contrario dos cinco actuais, remedo para turistas, tan do trinque e tan falsos como un decorado de película.

Pero nesta fotografía, quizá de comezos dos anos trinta, tanto protagonismo como os hórreos teno ese improvisado varadoiro ou dique de ribeira. E esa familia que semella feliz co seu bote xa pintadiño e embreado, disposto para sucar de novo, entrándolle ao Mandeo por baixo desa Ponte Nova dende a que o fotógrafo dispara o obxectivo.

O ENTERRO DE DON JUAN

Un río de xente enche a Ponte Vella nesta mañá de maio, ata o punto que a ponte cómpre adiviñala. É o enterro de don Juan, do benfeitor que se foi octoxenario nesta primavera de 1933. E todos quixeron acompañalo ata a derradeira morada, que diría a crónica social ou a necrolóxica. A cidade, que tanto lle debía, fica ao fondo rumiando a mágoa, mentres a comitiva cruza o Mandeo para subir Nosa Señora, ese percorrido inevitábel, antes ou despois.

Xentes de toda condición, e nunca mellor dito, forman a fúnebre procesión: nenñas do Refuxio; vellos e vellas acollidos no Asilo de anciáns, coas monxiñas; alumnos e alumnas das escolas García Hermanos, cos seus mestres e mestras; lavadeiras que palpan a friaxe do Mendo no lavadoiro que loce os escudos da Arxentina e Betanzos en fluvial e hixiénica irmandade; obreiros, artesáns e labradores axuntados na Casa del Pueblo; autoridades locais e provinciais; comerciantes, tendeiros e pequenos industriais; profesionais liberais; señoritos e rentistas...

O enterro era de rico. Ata oito curas se observan. Mais, sobre todo, era o enterro dun home de ben. Por iso ía a lombos de obreiros e non de señoritos. E alí estaba tamén a corporación municipal, presidindo o dó, e acompañada dos maceiros para darlle toda a solemnidade á ocasión irrepelíbel.

O Mandeo a penas leva auga nesta hora de marea morta, quizá tamén afluxido polo suceso triste, ou porque a marea viva vai por riba acompañando ao defunto, don Juan “o Subela”, unha vida de plenitude que chegaba ao seu fin nesta mañá republicana de maio.

O GLOBO DO ANO 40

Debe ser esta, que eu saiba, a primeira foto que se publicou do Globo de San Roque. Quizá as vellas técnicas fotográficas non permitían unha fotografía nocturna a certa distancia. Por iso o vello globo decimonónico tardou en ter o seu retrato. E para daquela xa non estaba Claudino, o seu máis dedicado e entregado constructor. E ben que o merecía. Aínda que así, sen retrato, ficaba como algo máis máxico e misterioso, amparado pola noite e a súa fugacidade, existente só para os presentes que o ollaban ascender.

É o San Roque do ano corenta, como ben se aprecia na boca do aeróstato. Tempos duros e de loito para os máis e só victoriosos para os convencidos e os enganchados á máquina arrasadora do francofalaxismo, bendicida polo catolicismo oficial. Son horas malas, en Betanzos, en Galicia, en España, no vello continente... A bota militar totalitaria



disponse a pisar os campos de toda Europa. Pero aquí xa levábamos tres anos de loito, tres anos sen festas patronais, tres anos sen botarlle o globo a San Roquiño. E volven as festas no trinta e nove, e volve a botarse globo, aínda que o deste ano tampouco tivese retrato, por moi “año de la Victoria” que fose. E os veciños arrepoñense do medo, do terror, das miserias, porque cómpre ter esperanza e fe no futuro, aínda que se albisque negro, como esta noite de agosto de 1940.

Aínda véndose, e adiviñándose fora do encadre, moita xente a contemplar o tradicional e único espectáculo, tan betanceiro, debemos estar lonxe da propagandística e dende hai décadas repetida cifra de cincuenta mil persoas. Hai neste lanzamento do globo algo doméstico. Mulleres sentadas agardando pachorronas, como se estivera a quecer o pote na lareira; bebés en brazos dos país e das nais a escasos metros do artefacto, como unha cousa familiar. Agardando sen présas o momento culminante da subida. Da elevación. Agardando... Agardando...

